



RESOLUCIÓN ALCALDE-PRESIDENTE

BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN 2014 DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, SEGUNDO AS RESOLUCIÓNS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA Á CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DESEMPREGADOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS DE INTERESE XERAL OU SOCIAL: ESPECIALIDADE DE SOCORRISTA ACUÁTICO.

1º.- OBXETO DA CONVOCATORIA

Selección de traballadores/as desempregados na modalidade de contrato de duración determinada de interese social (modelo PE 206-A) para a Realización de labores de Socorrista Acuático nas praias do Concello de Vilagarcía de Arousa (REF. Programa de Cooperación 2014: SOCORRISTAS 2014).

2º.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Aplicarase o establecido na ORDE do 22 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2014.

Os/as candidatos/as enviados polo Servizo Público de Emprego, ademáis, deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Ser maior de 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requeridas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Titulación necesaria para o posto de traballo a desenvolver: Estar en posesión de calquera das titulacións que establece a Disposición transitoria única do decreto 104/2012 de 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima de socorristas acuáticos e se crea o rexistro de profesionais de Socorristas Acuáticos de Galicia.



Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración das probas de selección.

3º.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA.

Realizarase polo sistema de concurso-oposición entre os candidatos que teñan previamente acreditado o cumprimento dos requisitos para seren admitidos ás probas.

1.- Fase de concurso:

Valorarase ata un máximo de 2 puntos, e se baremará segundo o seguinte desglose:

Estar en posesión do título de Patrón de Embarcacións de Recreo: 0.75 puntos.

Estar en posesión do título de Navegación Básica: 0.50 puntos.

(De estas dúas titulacións unicamente se terá en conta a máis alta.)

Formación especializada en DESA (desfibrilador semiautomático): 0.50 puntos

Técnico de transporte sanitario: 0.50 puntos

Formación en informática 0.05 puntos por hora de formación ata un máximo de 0.25 puntos.

2.- Fase de oposición:

2.1 Consistirá en superar un examen tipo test que constará de 20 preguntas con tres posibles respostas cada unha, sendo válida unha delas. Valorarase ata 10 puntos. O examen versará sobre os seguintes temas:

Salvamento e rescate acuático.

Pautas xerais de actuación ante un accidente, valoración do accidentado, reanimación cardiopulmonar, hemorragias, feridas, traumatismos, e politraumatismos, shock, cadros convulsivos, trastornos de calor, lesións e trastornos polo frío, intoxicacións por vía dixestiva, picaduras e mordeduras, intoxicacións por drogas, transporte de accidentados e asfixias. Normativa sobre Bandeira Azul.

2.2 Coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e non eliminatorio

O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos, quedando exentos de o realizaren os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 (ou curso de perfeccionamento en lingua galega), ós que se lles outorgará a cualificación máxima de dous (2) puntos.

Tamén quedarán exentos aqueles aspirantes que acrediten posuír un título Celga inferior segundo a seguinte valoración:

Celga 3: 1,5 puntos



Celga 2: 1 punto

Celga 1: 0,5 puntos

A proba consistirá na tradución, sen dicionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Aqueles aspirantes que aínda acreditando posuír un Celga 3, 2, ou 1 desexen realizar a proba de tradución poderán facelo si ben en caso de obter unha puntuación inferior á que corresponde polo título aportado manterase a asignada ao título Celga aportado.

3.- Probas físicas:

Consistirá en: correr 100 metros por la arena, entrar al agua y nadar 100 metros hasta un bañista que simula ahogarse, realizar zafaduras y control del accidentado y remolcar con seguridad al accidentado los 100 metros hasta la orilla y tras dejarlo con seguridad, se procederá a realizar maniobra de RCP a un maniquí.

En este ejercicio se valorará toda la secuencia del rescate (entrada al agua, nado de aproximación; contacto con el accidentado, zafadura, nado adaptado de remolque, extracción y RCP) el tiempo de desarrollo de la prueba hasta que se deja al accidentado en la orilla con seguridad. En la RCP, se valorara la efectividad de las compresiones (profundidad de las mismas y un ritmo que deberá ser lo más próximo a 100 comp/min.) y las cantidad de aire insuflado al maniquí, así como la correcta secuencia de la maniobra, con lo cual de la puntuación obtenida por el tiempo en realizar la prueba de rescate podrá verse incrementada o disminuida por la valoración de la RCP.

Tiempo	Ptos.
1º mejor tiempo	10
+0,18"	9
+0,36"	8
+0,54"	7
+1,12"	6
+1,30"	5
+1,48"	4
+2,06"	3
+2,24"	2
+2,42"	1
+3,00"	0

4.- Desempate:

En caso de producirse un empate entre varios candidatos na puntuación final de todas as probas, este resolverase mediante unha proba que consistirá na realización dunha entrevista



persoal e individual dos aspirantes co Tribunal, que versará sobre a experiencia e historia profesional do aspirante e coñecementos das funcións do posto de traballo a desenvolver, capacidade relacional, traballo en equipo e de comunicación.

Os aspirantes deberán asistir na data e hora sinaladas, provistos do D.N.I. ou documento identificativo e carta de convocatoria remitida polo Servizo Público de Emprego.

4º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL. O Tribunal Cualificador desta proba selectiva, estará integrado polos seguintes membros, empregados do Concello de Vilagarcía:

<u>Presidente/a:</u>	1
<u>Vocais:</u>	3
<u>Secretari/o:</u>	1

O Tribunal poderá recabar, se o estimase procedente e convinte, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da L.R.X. – P.A.C.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un tercio dos vocais.

5º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.

O Tribunal formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva.

O/a secretario/a levantará acta comprensiva dos elementos ou criterios obxectivos de valoración adoptados para a cualificación, así como do resultado das probas por cada membro do tribunal.

6º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.

O/a aspirante seleccionado/a e proposto/a polo Tribunal deberán presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prazo de tres días.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.



Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servicios na data que se lle indique pola Alcaldía.

7º. INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

Vilagarcía de Arousa, a 18 de xuño de 2014

O Alcalde-Presidente



D. Tomás Javier Fole Díaz

A Secretaria Xeral



Dna. Rosa Losada Suárez